

Acta da sesión extraordinaria urxente do Pleno do día 8 de xullo de 2013

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día oito de xullo do ano dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión extraordinaria urxente en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Placido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Mónica Vázquez Blanco e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG.

Non asisten os deputados do Grupo Popular don José Manuel Freire Couto e don Julio Pérez Carballo. Tampouco asiste o deputado do BNG don Xaime Óscar Iglesias Pérez.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta pola Presidencia a sesión, dándolles a benvida a todos os presentes, convocada a pedimento dos deputados do Grupo Socialista e do BNG, en escrito de data 4 de xullo de 2013, n.º de rexistro de entrada 17092, ao abeiro do disposto no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese ó tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

O Sr. presidente somete a votación a urxencia da convocatoria, que é aprobada por unanimidade dos vinte e dous (22) deputados presentes na sesión.

2º.- MOCIÓN DE APOIO AOS AFECTADOS POLAS PREFERENTES E SUBORDINADAS COA PROPOSTA DE ACORDO FORMULADA POLAS DISTINTAS PLATAFORMAS DE AFECTADOS.-

O Sr. presidente di que se recibiu na Deputación un escrito en nome da coordinadora de plataformas de toda Galicia, rexistrado o día 2 de xullo, no que solicitaban

Acta da sesión extraordinaria urxente do Pleno do día 8 de xullo de 2013

que tivera lugar un pleno extraordinario urxente nesta Deputación, para tratar unha moción de apoio aos afectados polas preferentes. Con data 4 de xullo de 2013 o grupos Socialista e BNG solicitaron que tivera lugar este pleno, co debate da moción de apoio aos estafados polas preferentes e subordinadas. Posteriormente o Grupo Popular, xunto co Grupo Socialista e co BNG, chegaron a un acordo sobre o texto da moción que se tratará no día de hoxe neste pleno extraordinario. Dá lectura á proposta de acordo, co seguinte contido: *1º.- Apoiar ás persoas afectadas polas accións preferentes e obrigas subordinadas no relacionado co intercambio obrigatorio por accións e solicitude de liquidez, solicitando o atraso e paralización na execución da quitación. 2º.- Facilitar asesoramento e apoio para que desde o organismo xudicial se pronuncien con claridade e transparencia as situacións xurídicas en cada un dos supostos que se dan neste complexo caso. 3º.- Defender a continuidade da vía de arbitraje, cunha nova medición de valores e revisión de expedientes, con implicación do departamento de Consumo da Xunta de Galicia. 4º.- Instar ao goberno de España a supresión das taxas e custas xudiciais nestes procesos. 5º.- Instar ao goberno de España para rectificar, adoptando as medidas lexislativas necesarias para regular estes ou outros produtos bancarios, para conseguir a maior transparencia posible.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dálle a benvida a todos os presentes, sobre todos aos afectados polas preferentes e subordinadas. Di que o FROB, dono do 100% de Novagalicia Banco, dependente do Ministerio de Economía, acordou o pasado 11 de xuño, espoliar os aforros de miles de familias galegas que foran enganadas e estafadas polas Caixas que hoxe integran Novagalicia Banco. Isto realizase ao abeiro de diversos real decretos lei, impulsados polo Goberno do Estado e avaliados pola maioría absoluta do PP no Congreso dos Deputados e no Senado. Este espolio por decreto ás miles de familias galegas estafadas por NGB, xa lles supuxo, coa simple publicación no BOE, un roubo de máis de 500 millóns de euros do seu capital, cantidade que ademais fuxiu de Galiza. A vía da arbitraje, conseguida grazas ao traballo e mobilización das plataformas de afectados/as, pola que recuperaran os seus aforros 36.000 persoas por un importe de preto de 500 millóns de euros, acaban de fechala, deixando sen resolver 20.000 casos máis que o tiñan solicitado, que son tamén persoas aforradoras, e que se comete con elas un agravio comparativo e unha tremenda inxustiza. A pesar de ano e medio de loita diaria na rúa dos

Acta da sesión extraordinaria urxente do Pleno do día 8 de xullo de 2013

afectados/as, do recoñecemento xeneralizado de que é unha estafa millonaria, dos miles de laudos arbitraris e máis dun cento de sentenzas xudiciais favorábeis ás persoas estafadas, e do compromiso e promesas reiteradas polos responsábeis do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza asegurando que ían recuperar os seus aforros todas as persoas afectadas, o groso do capital colocado en preferentes e subordinadas segue sen devolvérselles aos clientes estafados. Os 20.000 casos que decidiron non chamar á arbitrase e os preto de 20.000 que non a solicitaron, porque aínda non coñecen o problema, non confían na vía arbitral, están agardando unha resolución xudicial ou solución política e colectiva a esta sangrante estafa, teñen aínda atrapados preto de 1.500 millóns de euros, o 75% do capital colocado por NGB nestes produtos tóxicos a pequenos aforradores e clientes polo miúdo. Por iso, cando neste momento se está cometendo un verdadeiro atraco aos aforros de miles de familias galegas, as institucións públicas e os seus representantes políticos, non poden evadir a súa responsabilidade e teñen que situarse claramente do lado das persoas estafadas e en contra dos estafadores e de quen os protexe. O Sr. presidente da Deputación tamén o é do Partido Popular de Ourense e ten moita capacidade para presionar, tanto a nivel da Xunta como a nivel de Madrid, e cren que o debe facer, para que isto acabe producindo os resultados agardados e que non quede só nunha declaración de boas intencións. Compre, xa que logo, sumarse de verdade e con todos os medios posíbeis á loita que están levando a cabo as plataformas de afectados/as para impedir que se realice esta millonaria estafa e esixir da Dirección de NGB e dos responsábeis do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, as decisións económicas e políticas necesarias para paralizar a execución deste atraco e buscar unha solución xusta e definitiva que lles posibilite a recuperación dos seus aforros aos miles de afectados/as que quedan aínda sen cobrar. Se queren, si que poden. Só lles falta vontade política e a convición suficiente para querer resolvelo. Non podemos esquecer que a nivel ourensán hai case 7.000 que están fóra da arbitrase (40.000 en toda Galiza). Despois desta estafa vense sometidos polo goberno a unha verdadeira lea de troco ou de quita. Neste momento teñen que incorrer en numerosos gastos, buscando asesoramento xurídico nun panorama no que ningún se aclara se a solicitude da liquidez mantén aberta ou non a vía xudicial. Cren que é moi necesario que se busque unha solución canto antes, e que todo o mundo cobre os seus aforros e cobre o seu diñeiro, porque non se entende que a día de hoxe aínda non haxa un asesoramento xudicial nesta complexa maraña na que parece que

Acta da sesión extraordinaria urxente do Pleno do día 8 de xullo de 2013

ningún ten nada claro sobre a solicitude ou non da liquidez, non hai unha arbitraxe para todos con claridade nos criterios ou mesmo un reforzo dos xulgados.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en primeiro lugar saúda ás persoas que hoxe nos acompañan, que son, por desgraza, as que teñen que ter o protagonismo no día de hoxe. Cre que deberían ser eles mesmos os que explicasen en que fase están deste proceso. Isto é unha lea manifesta, que non se chega a comprender. Ten que recoñecer e agradecer que os tres grupos desta Deputación sexan os únicos de toda Galicia que tiveron en conta o sentir destas persoas, que foron vítimas dunha estafa masiva que, lonxe de aclararse, cada día é máis perniciosa para elas. Fóra de debates políticos e fóra de que se teñan diversos matices á hora de entender esta cuestión, estes tres grupos da Deputación fixeron un esforzo polo ben destas persoas. Ás veces os xestos, aínda que cada vez serven menos, son moi importantes. A través deste xesto o Sr. presidente tamén ten que ser quen de golpear na mesa para que esta xente aclare estas dúbidas e resolvan os seus problemas. Como representante político gustaríalle que quen estivese aquí hoxe dando a cara e explicacións a estas persoas fose algún directivo das caixas, que son as responsables dun saqueo sen precedentes dos aforros de persoas que ao longo dos anos aforraron para ter un futuro, que de por si xa é complicado nestes tempos e para eles moito máis pola situación á que chegaron con este saqueo por parte dos responsables directos desta estafa masiva. A estas persoas o que lles interesa dos políticos non é que sigamos botándonos a culpa uns aos outros, senón que queren solucións. A cidadanía deulle ao Partido Popular a responsabilidade do gobernar e a responsabilidade de arranxarlles os problemas, e é quen ten que intentar arranxar este problema. Aínda que son un políticos pequenos neste mar, o Grupo Socialista quere manifestar no día de hoxe o total apoio a estas persoas, igual que os demais grupos da Deputación, pero debemos intentar que isto non acabe aquí e entre todos buscar unha solución aos problemas que teñen estas persoas, que non teñen referente na historia deste país.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, saúda a todos os presentes e especialmente á representación importante dos afectados, que non cesan na súa loita con toda a razón do mundo. Di que pouco hai que engadir a estas alturas ao que se leva dito nesta Deputación en varios plenos, sobre estes produtos de risco que foron emitidos sen control. Sobre a incuestionable vontade do presidente da Xunta de Galicia e

Acta da sesión extraordinaria urxente do Pleno do día 8 de xullo de 2013

do Grupo Popular de que se atopen fórmulas que garantan liquidez inmediata ás persoas afectadas, dentro das posibilidades que permite a lexislación nacional e europea, tampouco hai máis que dicir. Está seguro de que todos concordarán con que a problemática que están a sufrir as persoas afectadas é consecuencia da mala comercialización duns produtos que nunca deberon ser autorizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores nin polo Banco de España. A Xunta de Galicia continúa e continuará apoiando aos afectados que sufriron unha mala comercialización das preferentes e subordinadas, defendendo a vía da arbitraje como a mellor fórmula para que o 100% dos aforradores recuperen o 100% dos seus aforros. De feito, a través da arbitraje conseguíuse que dous de cada tres afectados que solicitaron esta vía recuperasen o 100% dos seus aforros. O goberno galego, na medida das súas posibilidades, considera que nos casos con entidade de razón, o banco debe aceptar as solicitudes de arbitraje, outorgándolles aos afectados o mesmo trato que recibiron outros en casos semellantes. Recentemente, en concreto o pasado xoves, souberon que a Xunta de Galicia se puxo en contacto con NGB para esixirlle que reabra a arbitraje. Compre lembrar que esta medida require que as dúas partes estean de acordo en someterse a arbitraje, non só as persoas afectadas, polo que a Xunta de Galicia, ata que a totalidade dos aforradores recuperen os seus aforros, non cesará no seu empeño e así lles consta. A Xunta foi pioneira na implantación da arbitraje como mecanismo de solución destes conflitos. Nos casos nos que non sexa posible este mecanismo pioneiro, garante e gratuíto, que propiciou que o 60% dos afectados recuperasen os seus aforros, ábrese a vía xudicial; unha vía que está a reforzar a Xunta de Galicia en colaboración co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para evitar colapsos e axilizar as demandas que se vaian presentando. O Partido Popular de Galicia apoiou a cada un dos afectados desde o principio ata o final, desde o minuto un no que se tivo coñecemento das primeiras denuncias, o Instituto Galego de Consumo púxose en contacto coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, co Banco de España, coa Comisión Europea, co FROB, e, por suposto, con NGB. Desde que se tivo constancia das primeiras reclamacións púxose do lado das persoas prexudicadas, e agora seguirán insistindo en que a entidade siga admitindo aceptacións de sometemento á arbitraje. O Instituto Galego de Consumo activou, a mediados do pasado mes de xuño, un operativo especial de atención aos afectados nas súas oficinas das sete grandes cidades, que asesora a máis de 1.300 galegos ao día; 40 persoas integran este operativo, que permite, entre outras

Acta da sesión extraordinaria urgente do Pleno do día 8 de xullo de 2013

cuestións, axilizar os trámites da arbitrase, facilitar información sobre as posibilidades da vía xudicial, informar sobre as opcións de xustiza gratuíta nos supostos que contempla a lei e resolver dúbidas sobre os procesos de troco ou liquidez que non pechan a vía da arbitrase e a vía xudicial. Remata coas mesmas palabras do Sr. presidente da Xunta de Galicia do pasado día 5 na comisión de investigación das caixas, que textualmente din: *a Xunta estivo desde o principio cos afectados e estará cos afectados ata o final, cando a última das persoas que foron enganadas recupere o 100% dos seus aforros. O meu goberno estivo e seguirá con eles buscando o que eles piden, solucións.* A título persoal engade que, desde a humildade dos medios cos que se contan na Deputación, o Sr. presidente puxo en marcha un servizo de asesoría xurídica para os afectados, e recentemente asinou un convenio con Ausbank creando unha conta de correo electrónico, remitíndolles continuamente información aos concellos para que todos apoiáramos estas iniciativas, que deu como resultado que antes de asinarse o convenio con Ausbank, os servizos de Asesoría Xurídica da Deputación atenderan a 27 afectados e Ausbank xa atendeu a 35 e ten en trámite, ou en lista de espera, a 42 máis. Reitera que esta Deputación tamén estivo, está e estará cos afectados, e como xa dixo neste pleno, hoxe ten mérito que os tres grupos foran capaces de consensuar unha proposta, deixándose de palabras baldeiras de contido e estando ao lado dos afectados.

O **Sr. presidente** agradece este acordo unánime de todos, igual que o acordo unánime que se adoptou noutro pleno, no que se acordou poñer a disposición dos afectados o asesoramento xurídico.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación esta moción, e por unanimidade dos vinte e dous (22) deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Apoiar ás persoas afectadas polas accións preferentes e obrigas subordinadas no relacionado co intercambio obrigatorio por accións e solicitude de liquidez, solicitando o atraso e paralización na execución da quitación.

2º.- Facilitar asesoramento e apoio para que desde o organismo xudicial se pronuncien con claridade e transparencia as situacións xurídicas en cada un dos supostos que se dan neste complexo caso.

Acta da sesión extraordinaria urxente do Pleno do día 8 de xullo de 2013

3º.- Defender a continuidade da vía de arbitraje, cunha nova medición de valores e revisión de expedientes, con implicación do departamento de Consumo da Xunta de Galicia.

4º.- Instar ao goberno de España a supresión das taxas e custas xudiciais nestes procesos.

5º.- Instar ao goberno de España para rectificar, adoptando as medidas lexislativas necesarias para regular estes ou outros produtos bancarios, para conseguir a maior transparencia posible.

E, ás 11:30 horas do citado día oito de xullo do ano dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,